

O Plan de Turismo deixará na comarca máis de 400.000 euros

Os catro municipios da comarca beneficiarios do Plan de Turismo que a Deputación da Coruña e a Consellería de Innovación e Industria están a poñer en marcha percibirán máis de 400.000 euros para destinar a actividades de promoción turística. O pasado 26 de outubro o responsable de Turismo da Deputación, Pablo Villamar, reuniuse cos once Alcaldes dos concellos beneficiarios do Plan para animalos a presentar suxestións, e comuni-

carlles os primeiros pasos a dar. Na reunión Villamar informou que cada municipio disporá dunha suma que oscilará entre os 100.000 e 120.000 euros para levar a cabo as obras que considere oportunas. Villamar tamén indicou que entre as primeiras actuacións do Plan está a ubicación de casetas de información turística nos municipios que o soliciten, e a dotación ao encoro de Portodemouros dun catamarán turístico **P5**

COMERCIO

A campaña de Nadal repartirá 6.250 euros

Os 46 comercios que participan na campaña *O teu centro comercial está en Melide* acordaron repartir 6.250 euros en premios. Estarán distribuídos en 20 premios, un de 1.500 euros, outro de 1.000, tres de 500, cinco de 250 e 10 cheques de 100 euros **P13**

COMARCA

A Deputación destina preto de 900.000 euros aos municipios

O Plan de Obras e Servizos provincial destinará a Melide máis de 300.000 euros para actuacións que requiran un orzamento de máis de 30.000 euros. Santiso percibirá 178.082, Sobrado 214.392, e Toques 158.899 euros **P4**

SOCIEDADE

A Plataforma Autovía por Melide reanuda as actuacións

Faino logo de que Fomento non dese a coñecer aínda o trazado definitivo da autoestrada Santiago-Lugo **P7**

CULTURA

Máis de 170 rapaces e mozos estudan música tradicional da man de Castelo e Axóuxere

Os dous colectivos imparten variedade de clases nas que a protagonista é a música tradicional ga-lega e o folclore. Nenos dende tres anos asisten ás clases e participan nas actuacións que as dúas escolas programan ao longo do ano **P15**



Castañas e xogos para festexar o magosto

Melide tomou a dianteira á hora de festexar o magosto. O Concello organizou o último domingo do mes de outubro unha festa na que non faltaron castañas, bebidas e música, posta nesta ocasión polo grupo melidense Axóuxere. Amáis de degustar un dos produtos máis típi-

cos do outono, os máis novos puideron entreterse cos xogos e actividades organizadas para eles. Sen dúbida, foron os que máis disfrutaron da tarde grazas ás carreiras de sacos e aos xogos que misturaron raquetas, globos e ourizos **P14**

Editorial

Unha fiestra que se abre



Galicia é fermosa. É un paraíso verde surcado de mil ríos nos que os recunchos máxicos aparecen á volta de cada esquina. Dentro da Galicia verde e máxica está a zona interior da provincia da Coruña, na que se enmarca a Terra de Melide.

Hai xa algún tempo que a Deputación da Coruña deu luz verde a un proxecto de potenciación turística na Costa de Morte, unha especie de Galicia Calidade, pero aplicado ao sector turístico da comarca costeira, e que engloba todo o positivo

desa terra. Agora, logo do litoral, chéganos o turno a nós. Xa hai cantidades, xa hai propostas, e sobre todo, semella que hai intención. A potenciación dos recursos naturais da nosa comarca, dos seus indubidables atractivos turísticos que comezan no encoro de Portodemouros e rematan no mosteiro de Sobrado, e da gastronomía da zona plantéxanse coma un pulo vital para a nosa terra.

O turismo está a converterse nun ente salvador de moitas zonas por toda Galicia e España, e temos

que aferrarnos a él. Agora son os nosos alcaldes os que teñen a pelota no tellado e aos que lles corresponde facer suxestións para potenciar os recursos dos seus correspondentes municipios. ASETEM-CCA xa tivo tamén a oportunidade de plantexar suxerencias e peticións, e outros colectivos tamén se sumaron ó plantexamento de peticións. A potenciación turística da nosa comarca concérnenos a todos, e todos temos que ir da man se queremos conseguir froitos.

Tribuna de opinión

Aprender

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

O mes pasado celebrouse en Lugo o quinto congreso do Comercio Galego. Unha reunión organizada pola Federación Galega de Comercio e a Rede Galega de CCA e á que asistiron persoas vencelladas ao sector chegadas de toda a comunidade, e tamén de toda España. Eu, en calidade de presidente do Centro Comercial Aberto- ASETEM tiven a oportunidade de acudir e intercambiar impresións e opinións con xente que loita día a día polo pequeno comercio.

Neste tipo de eventos soen presentarse un elevado número de ponencias que van máis aló do tema en cuestión. Entre os argumentos que algúns convidados esgrimiron estivo a situación na que se atopa Galicia. Dúas das provincias da nosa comunidade atópanse no vagón de cola de España, Ourense e Lugo, e as perspectivas non son especialmente clarificadoras. Estas provincias precisan unha inxección na súa economía que sexa capaz de mobilizar o sector industrial e comercial, unha necesidade que nós coñecemos ben, porque a vivimos día a día na nosa comarca. Non nos queda máis remedio que facer autocritica e lembrar que o que a nós nos parece que representamos é só iso, o que a nós nos parece. Só sabendo isto poderemos saber quen somos, e poderemos enfrontarnos aos nosos puntos febles para mellorar; xa que un dos nosos maiores problemas, tal e como se dixo en Lugo, é a falla de autocritica, non saber valorar qué representamos e onde estamos.

Con esas pautas, tirando polo bo camiño, e con axudas, poderemos acadar un incremento no poder adquisitivo dos melidenses para ir medrando pouco a pouco. É duro, pero temos, como empresarios, que seguir tirando do carro, sempre e cando, non nos poñan tantos problemas como acostuman, porque neste municipio, en vez de axudar a que a situación económico-social mellore, como tenta facer o sector empresarial, bótaselle terra por riba aos que están ao pé do canón día a día.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Lorena García Calvo

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Xosé Domingos Fuciños, Vanessa Martínez Iglesias.

AGRADECIMENTOS: Jorge Sangiao, M^a Pilar López

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores




Rúa Rocamador, 2

Tfno.: 981 50 51 64

Fax: 981 81 54 66

15.800 MELIDE (A Coruña)



Día da muller en Melisanto

GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE MELIDE

O BNG de Melide quere transmitir os seus máis sinceros parabéns á Cooperativa Melisanto por lembrarse un ano máis das mulleres labregas da nosa comarca. No ano 2000 comezaba na Cooperativa unha Xornada dedicada á muller que, despois de seis anos, está xa firmemente consolidada. Pensamos que é unha homenaxe xusta e moi merecida pois o noso agro non funcionaría se falta o seu motor fundamental, que

son as mulleres. Pero, as 200 mulleres que participaron na xornada de Melisanto son moito máis que labregas. Ninguén dubida de que, ademais, son limpadoras, educadoras dos fillos, costureiras, enfermeiras, cociñeiras, coidadoras de maiores e as principais xerentes da economía doméstica. Por todo iso, é importante que nos lembremos delas e que poidan xuntarse para compartir e disfrutar dun día de festa. A xornada

da muller de Melisanto serve para recoñecer o traballo constante e gratuíto das mulleres no fogar e no agro. Parabéns a Melisanto e a todas as socias que participaron no acto do pasado 28 de outubro polo seu importante traballo diario. O BNG de Melide desexa unha longa vida ás xornadas da muller de Melisanto pois servirán para seguir tendo presente que o futuro do medio rural está nas mulleres e que sen elas non hai futuro no País.

Espazo reservado para o Partido Popular

Ao igual ca en números anteriores, Cerne está aberto ás colaboracións e opinións do Partido Popular de Melide. O grupo municipal popular ten o seu oco nestas páxinas, e agardamos que en vindeiras edicións teñen a ben aproveitar esta oportunidade.

Os responsables da edición deste xornal lamentamos o choque estético que poida provocar este espazo e agardamos poder incluír pronto a voz do partido maioritario na vila para que expoña a súa opinión sobre os temas de actualidade que se suceden no municipio.

Ata entón, pedimos disculpas aos lectores de Cerne por este imprevisto.

Cerne. Terra de Melide.

Chegará ó seu fin a remodelación da Casa da Cultura?

AGRUPACIÓN SOCIALISTA DE MELIDE

No ano dous mil tres, despois das eleccións municipais, o alcalde de entón, Sr. Pampín, sendo portavoz a actual alcaldesa Angeles Vázquez, decide derrubar a CASA DE CULTURA e así converterse nunha obra que se parece a Catedral da Almudena de Madrid pola súa tardanza en rematala, claro está salvando certas distancias.

O caso é que van pasados mais de corenta meses e aínda non se sabe a ciencia certa para cando vai a estar dispoñible, para actos que se lle supoñen ten que albergar. Unha obra que se sufragará

con catro anualidades iniciais e con outra suplementaria que suporán uns 500.000,00 euros aproximadamente. Pero aínda queda a dubida se serán suficientes porque neste concello os cartos públicos evapóranse na metade das obras, aínda que os técnicos se inchen a facer cálculos que se lles supón verídicos.

Moitos veciños preguntan se era necesario levar a cabo esta remodelación, "era unha casa feitaña", "ven nos valía" son expresións que uns e outros se fan na rúa, nas súas casas e tamén nos

cafés. Estes veciños non entenden de tirar obras novas, nin de reformalas, cando están recen estreadas, opinión que este grupo municipal comparte, sobre todo cando hai moito onde investir os nosos cartos, cartos que a administración, neste caso o noso concello, non ten máis ca administrar con "cabeza", o que visto o visto no sucede, porque con eses 500.000, 00 euros, poderíanse acometer obras de saneamento nas parroquias, por poñer un exemplo, o que ó noso xuízo é máis importante que refacer a casa da cultura.

**Anúnciate
en Cerne**

**Chama ao
981.506.188
e infórmate
sen
compromiso**

HC
Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR
BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es

Joyería Oro Ley
Taller Propio

**Durante los meses de
octubre y noviembre
comprando un reloj le
regalamos el 50% del
valor del segundo.**

(*) El 2º debe ser de igual o inferior
valor al 1º

**Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A CORUÑA) Telf.: 981505468**

A caseta de turismo e a pista de frontón están sen construír ao ano de aprobarse

O Bloque Nacionalista Galego de Melide vén de presentar un escrito no concello no que pregunta as razóns polas que aínda non se construíron a caseta municipal de turismo nin a pista de frontón. A Deputación da Coruña aprobou en 2005 sendas axudas de 18.000 euros para cada actuación, pero a día de hoxe ningunha das dúas se levou a cabo aínda no municipio.

O Bloque pide á Alcaldía que explique os motivos polos cales aínda non se construíron nin a caseta de información turística nin a pista de frontón. Os nacionalistas melidenses piden ademais que a Alcaldía lles informe da situación na que pretenden ubicar as dúas construcións para as que a Deputación destinou as subvencións.

O plan da Deputación investirá preto de 900.000 euros na comarca

Melide disporá de máis de 300.000 euros do Plan de Obras e Servizos

A Deputación da Coruña aprobou en outubro o Plan de Cooperación de Obras e Servizos (POS) de competencia municipal para o exercizo 2007. O organismo que preside Salvador Fernández Moreda destinará 871.938 euros para actuacións nos concellos de Melide, Santiso, Toques e Sobrado dos Monxes.

Melide é o municipio da comarca que máis investimento percibirá, dacordo cos criterios que establece a Deputación para asignar as cantidades. En total, a capital da bisbarra contará con 320.564,96 euros para a posta en marcha de actuacións que requiran un investimento superior a 30.000 euros cada unha. O concello ten ata o 30 de novembro para presentar na Deputación a lista de investimentos que máis lles interesan, e que na maior parte dos casos corresponden con melloras na rede viaria,



Melide disporá de 320.000 euros para actuacións no municipio

actuacións en saneamentos e abastecementos de augas, ou adecuacións de instalacións deportivas e áreas recreativas e parques.

Da asignación da Deputación á Terra de Melide, o concello de Sobrado percibirá 214.392,24 euros, o segundo investimento máis

importante na bisbarra, e ao que segun os 178.082,38 euros dos que disporá Santiso. Pola súa banda, o organismo provincial destinará a Toques 158.899 euros, segundo anunciou o vicepresidente do goberno provincial, Xaime Bello, durante a presentación do

POS na Deputación.

Serán 94 os concellos coruñeses que se beneficiarán do POS 2007, cun importe de 22.600.000 euros, medio millón de euros máis que a partida aprobada para o exercizo 2006, segundo informou a Deputación coruñesa.

A rúa opina...

Plantexámoslle á xente da rúa cuestións de interese vencelladas á actualidade na comarca para darlle a palabra aos auténticos protagonistas: os veciños.

1. Qué lle parece o novo pintado da AC-840 ao seu paso pola vila de Melide?

2. Cré que é a mellor opción en aras de garantir a seguridade vial dos condutores?



Fran Grela

1. Paréceme ben que se pinte, porque é beneficioso tanto para peatóns como para coches. O único inconveniente que vexo é o aparcamento para os coches.

2. Sí, penso que é a mellor opción porque tal e como está non pode quedar, é un perigo porque se ven pouco as liñas da estrada.



Yolanda Morogosa

1. As obras, de momento, non molestan pero cando se rematen son un problema porque impedirán aparcarse aos clientes e a xente da rúa.

2. Non sei pero tampouco creo que se deba deixar así. Habería que pintar as liñas pero deixando sitio suficiente para que a xente poida aparcarse sen problema.



Jesús Ramos

1. Non estou dacordo por unha razón tan sinxela como que a onde van ir a aparcarse os coches se co pintado se elimina a zona onde paran.

2. Eu penso que o mellor que se pode facer é deixar todo como está. Así non se perxudica a ninguén, nin á xente nin aos comercios.

As primeiras actuacións comprenderán a instalación de puntos informativos

O Plan de Turismo chegará a cada Concello ata 120.000 euros

Os municipios beneficiarios comunicarán á Deputación as súas peticións

O Plan de Turismo que a Deputación da Coruña e a Consellería de Industria están a pór en marcha en 11 concellos do interior coruñés entre os que se atopan os municipios da Terra de Melide, continúa adiante. O pasado 26 de outubro Pablo Villamar, responsable de Turismo na Deputación, mantivo unha xuntanza en Portodemouros cos alcaldes dos municipios beneficiarios do Plan na que os rexedores tiveron a oportunidade de plantexar ideas e propostas.

Na xuntanza dos rexedores con Villamar e coa voceira provincial do BNG, Socorro Cea, os participantes acordaron destinar a cada concello un máximo de 120.000 euros que cada municipio destinará a levar a cabo as obras ou actividades que considere máis oportunas. Para sacar adi-



Os alcaldes dos concellos beneficiarios do Plan reuníronse con Villamar e Cea

ante o proxecto, os alcaldes acordaron enviar á Deputación da Coruña todas as súas peticións no prazo dun mes coa fin de axilizar o proxecto.

Actuacións

Na reunión en Portodemou-

ros Villamar e Cea explicaron aos alcaldes as primeiras actuacións que se porán en marcha. As primeiras medidas estarán destinadas a dotar de puntos ou casetas de información turística aos concellos que o soliciten; a creación dunha marca que

identifique toda a zona; a elaboración de folletos e guías turísticas para cada municipio; xornadas para concienciar e dar a coñecer o plan aos axentes económicos e sociais dos once concellos, así como dotar dun catamarán ao encoro

Avanzan as xestións para dotar o encoro de Portodemouros dun catamarán

A deputada provincial Socorro Cea informou na presentación do Plan de Turismo da situación na que se atopan as xestións para dotar ao encoro de Portodemouros dun catamarán para facer percorridos turísticos polo embalse. Segundo a voceira provincial do BNG, as xestións ao respecto están moi avanzadas e axiña se poderán dar a coñecer datos definitivos.

O catamarán para Portodemouros é unha das actuacións que comprende o Plan de Turismo de Xunta e Deputación.

de Portodemouros.

Cómpre lembrar que o Plan de Turismo, participado ao 50% por Xunta e Deputación está dotado con 1,2 millóns de euros. A consellería de Innovación e Industria e a Deputación asinárono o 4 de xullo.

ASETEM-CCA transmitiu as súas propostas ao responsable provincial

Os rexedores dos concellos beneficiarios do plan de dinamización turística da comarca non foron os únicos en aportar ideas; José Antonio Rodríguez Álvarez, presidente da Asociación de Empresarios Terra de Melide-CCA trasladou ao deputado provincial Pablo Villamar diversas propostas relativas á mellora da calidade turística na bisbarra. Na reunión mantida con Villamar, Rodríguez amosoulle a preocupación de ASETEM-CCA polo estado no que se atopa a praia fluvial de Furelos. O representante dos empresarios informou ao deputado provincial do abandono no que se atopa a área recreativa melidense, e pediu a colaboración das institu-

cións para resolver o problema. Rodríguez incidiu na repercusión económica positiva que supón unha área fluvial en boas condicións durante os meses de verán, e lembrou a marcha de moitos melidenses a zonas recreativas veciñas a causa do mal estado da área melidense.

O presidente da Asociación de Empresarios Terra de Melide-CCA suxeriu que no Plan de Turismo se inclúa a mellora e posta en marcha de alumeados nos principais monumentos de interese da comarca, como poden ser a capela de San Roque ou o cruceiro situado ao seu carón. Rodríguez Álvarez transmitiulle a Villamar a disposición de ASETEM-CCA para cola-

borar co Plan de turismo, e ofreceu o respaldo do colectivo no caso de ser precisa axuda local para a instalación e funcionamento dunha caseta de información turística, outra das necesidades apuntadas polo presidente da asociación de empresarios melidense.

Pola súa banda, Villamar apuntou o interese da Deputación en poñer en valor o sector turístico nos concellos beneficiarios do Plan, ao entender que a zona conta cun enorme potencial, que agardan resaltar grazas ás actuacións que se porán en marcha. O responsable de Turismo da Deputación informou de que as actuacións turísticas non acabarán no convenio do Plan, xa que se



Rodríguez reuniuse con Villamar e Cea

levarán a cabo máis iniciativas en prol do desenvolvemento da zona.

Reunión con Río Furelos

Outro dos colectivos que plantexou propostas para o Plan de Turismo foi a asociación de troiteiros Río Furelos, que se reuniu con

Villamar para amosar a súa preocupación polo estado da praia fluvial de Furelos, e da ponte Mazaira. Villamar transmitiulle a intención da Deputación de estudar o acometido das melloras na área recreativa con cargo aos fondos do plan de Turismo.

O delegado de Política Territorial visitará aos veciños para oír as reclamacións

Protestas veciñais na Ronda de Pontevedra polo pintado da AC-840

Os afectados presentaron preto de medio millar de sinaturas ante a Consellería

O pintado da estrada autonómica AC-840 ao seu paso por Melide saldouse con queixas e protestas entre os veciños da Ronda de Pontevedra. A consellería de Política Territorial ordenou o pintado de carrís de acceso a parte das rúas que desembocan na autonómica para facilitar o tránsito de vehículos e incrementar a seguridade vial. O pintado dos carrís de acceso reduciron na Ronda de Pontevedra o espazo para aparcar a carón das beirarrúas. Esta modificación non foi ben vista por veciños e traballadores da rúa, que amosaron o seu desacordo coa redución do espazo para aparcar. Os veciños, que remitiron arredor de medio milleiro de sinaturas a Política Territorial solicitando a modificación da nova sinalización, crén que co novo



Veciños e comerciantes da Ronda de Pontevedra rexeitan o novo pintado

pintado se incrementa a perigosidade da vía, polo que instan á Consellería a pintar como liña continua todo o traxecto salvo as entradas aos garaxes das vivendas alí ubicadas. Os veciños e traballadores afectados polo novo pintado mantiveron xuntanzas coa alcaldesa de Melide, e cos voceiros da oposición. O socialita Manuel Prado acompañado dun grupo de veciños mantivo unha reu-

nión co delegado de Política Territorial para expresarlle a preocupación dos afectados. Segundo indicou Prado, o delegado provincial acordou visitar a zona en vindeiros días e antender no posible as demandas veciñais, se ben indicou que sería logo do pintado da estrada.

Xunta de voceiros

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego en

Melide esixiu información ao equipo de goberno que dirixe Ánxeles Vázquez lembrando o dereito dos grupos da oposición a estar informados do que acontece no municipio. A voceira nacionalista Socorro Cea solicitou novamente a celebración dunha xunta de voceiros para debater entre todos os portavoces os inconvintes ou problemas que ocasiona o novo trazado.

A Consellería da o visto bo ao semáforo no cruce de Toques

A consellería de Política Territorial concedeu a instalación dun semáforo no cruce que une a AC-840 e a estrada secundaria en dirección a Toques. A consellería sufragará o custe da obra, calculada en 50.000 euros, sempre e cando o Concello de Melide asuma o mantemento do indicador luminoso.

A solicitude do semáforo para o cruce de Toques foi feita polo grupo municipal do PSOE melidense achacando a necesidade dun indicador que garanta a seguridade na vía. Segundo indicou o voceiro municipal socialista Manuel Prado, a instalación do semáforo na intersección da AC-840 incrementará a seguridade vial na zona, unha das máis transitadas.

O grupo municipal socialista agarda agora que o Concello de Melide asuma o custo do mantemento do semáforo, para que así a consellería de Política Territorial poida sacar adiante a actuación.

A negativa do Concello a integrarse no Consorcio de Servizos ocasiona retrasos na residencia, sostén o BNG

O Bloque Nacionalista Galego de Melide vén de remitirle á alcaldesa, Ánxeles Vázquez, un escrito no que lle pide a integración do municipio no Consorcio de Servizos Sociais da Xunta, unha fórmula de xestión creada pola Vicepresidencia o pasado abril. Segundo o BNG, a negativa da Alcaldía de adherirse ao Consorcio está perxudicando notablemente ao concello, e especialmente aos maiores, dado que a residencia da terceira idade acumula xa un retraso de nove meses. O centro

para maiores estaba previsto que comezase a funcionar a primeiros deste ano, pero a día de hoxe aínda non ten actividade.

O Bloque Nacionalista Galego vai máis aló, e considera á alcaldesa melidense a culpable da paralización da residencia por negarse a tomar unha decisión respecto ao Consorcio. Polo mesmo, os nacionalistas pídenlle que Melide se sume canto antes á fórmula creada pola Vicepresidencia da Xunta. A voceira do Bloque, Socorro Cea, reclama por parte da dirixente

popular que *actúe con responsabilidade neste tema pensando nos intereses de Melide e que asine o convenio canto antes.*

Ata o momento, un total de 92 municipios galegos asinaron xa o seu ingreso no Consorcio Galego de Servizos, algo que o BNG agarda que tamén faga Melide para evitar que o municipio *sufra un grave atranco no desenvolvemento das súas políticas sociais, e particularmente na dotación de equipamentos,* sostén a voceira nacionalista.



Estudiantes melidenses piden que mude a política respecto á mocidade

Baixo o lema *Por un futuro digno para a mocidade*, medio cento de estudantes melidenses manifestáronse pola vila reclamando un cambio nas políticas que os afectan de cheo. Os manifestantes amosaron o seu desacordo cos contratos temporais, a diferenza salarial entre homes e mulleres, a precariedade laboral e salarial, e a privatización da universidade.

A Plataforma cré que co silencio ignórase a todos os melidenses

Autovía por Melide reanuda as actuacións ao non definirse o trazado

O colectivo denuncia que se está a perxudicar a economía melidense

A Plataforma Autovía por Melide acordou reiniciar as actuacións logo de que o Ministerio de Fomento non definira aínda o trazado polo que discorrerá a vía. O colectivo esíxelle ao Ministerio de Fomento que lle comunique aos veciños de Melide a decisión sobre o trazado ao seu paso polo municipio. Considera que non se pode demorar máis a comunicación dunha decisión que xa ten que estar tomada dende hai tempo, e da que polo momento os veciños só reciben rumores. O colectivo, que leva arredor de tres anos loitando para que a autovía transcorra por Melide, sostén que o pobo de Melide xa lle deu tempo suficiente ao ministerio para que adoptase unha decisión.

A plataforma social considera que ao non definirse o trazado estase a xerar incertidume entre os meli-

denses, que se senten discriminados e marxinados polas institucións, e engaden que coa falta de información perxudicase severamente a economía local. Segundo os representantes do colectivo, a non definición do trazado está a facer que diversas empresas con interese por asentarse en Melide busquen outra ubicación para as súas naves ao non ter a certeza de que a autovía transcorrerá por aquí.

Sen excusas

A Plataforma Autovía por Melide considera que o Ministerio de Fomento xa non pode esgrimir razóns técnicas nin medioambientais para xustificar a tardanza da decisión, xa que toda a documentación precisa está no seu poder dende hai tempo, e, segundo o colectivo, non lle impide adoptar unha resolución.



A Plataforma acordou reanudar as súas actuacións

Entre as razóns que apuntan os representantes da Plataforma para xustificar o retraso no anuncio do trazado definitivo está unha de índole partidista. Dende o colectivo social melidense abren a posibilidade a que o retraso da comunicación do trazado se deba a unha estratexia política con vista a obter réditos nas vindeiras eleccións. Esta opción é valorada como *unha táctica mediocre* e que non ten en consideración os intereses do pobo

de Melide.

Para os representantes da Plataforma que a vía de alta capacidade pase polas inmediacións da vila é fundamental de cara ao futuro do tecido empresarial, comercial e social do municipio.

Novas actuacións

A última das decisións adoptadas pola Plataforma concluiu reanudar as actuacións. O colectivo comezará en breve a manter roldas de contactos e asem-

A Asociación de Empresarios pide o respaldo de colectivos veciños

A Asociación de Empresarios Terra de Melide-CCA mantivo unha xuntanza de traballo coa representante da Asociación de Empresarios e Comerciantes de Arzúa para transmitirles a preocupación do colectivo melidense pola falta de definición do trazado. ASETEM-CCA quixo intercambiar co colectivo arzuano algunhas impresións e solicitarlles apoio.

bleas para voltar a mobilizar á sociedade logo da que cualifican como *deixadez institucional*.

Os representantes da Plataforma acordaron iniciar unha nova quenda de reunións con vista a definir a estratexia de traballo que marcará a actualidade do colectivo nas vindeiras semanas. A Plataforma ten presente a posibilidade de novas mobilizacións sociais e reitera o seu compromiso co pobo de Melide, ao abeiro do que naceu.

A oposición melidense reclama varias melloras no municipio

O Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Melide reclámanlle ao goberno municipal que efectúe diversas melloras no municipio co fin de subsanar deficiencias en parte do mobiliario municipal, así como nalgunha rúa. O Bloque vén de denunciar por cuarta vez o mal estado no que se atopa o lavadouro de Sabián. Segundo os nacionalistas, os arredores do lavadouro atópanse cheos de maleza e suciedade, e dende o ano pasado converteuse nun depósito de verquidos de augas residuais estancadas situado a escasos metros dunha fonte pública de auga potable. O BNG

denuncia unha actitude de desidia e despreocupación por parte do goberno municipal, e reclama da Alcaldía unha mellora rápida.

Entre as actuacións que reclama o BNG de Melide atópase tamén a mellora do estado do firme da rúa a carón do CEIP N°1 por atoparse en mal estado sendo unha rúa moi transitada. Os nacionalistas melidenses crén preciso tamén que o Concello retire as marquesiñas en mal estado que se reparten polo municipio. O BNG melidense sostén que no concello ubícanse varias marquesiñas en pésimo estado con ferros e cristais rompidos que en ningún caso cumpren a súa fun-

ción, e que polo tanto, non ten sentido mantelas. Engade ademáis o Bloque que ditas marquesiñas resultan perigosas, e polo tanto, esixen a súa retirada canto antes.

Servizo básico

Entre as solicitudes que o grupo municipal do PSOE presentou no Concello está o irregular servizo de recollida do lixo que afecta aos veciños de varios lugares da parroquia de Baltar. Segundo os socialistas, o servizo de recollida de lixo lévase a cabo unha soa vez á semana, unha situación que os veciños afirman que é difícil de soportar durante os meses de verán. O PSOE



O BNG pide melloras no lavadouro de Sabián

melidense engade ademáis que coa recollida do lixo unha soa vez á semana, a empresa concesionaria do servizo está a incumprir parte do contrato, polo que esixen á Alcaldesa que tome as medidas oportunas para mellorar o servizo. Outra das demandas do

PSOE melidense é o acondicionamento do xardín situado na confluencia das rúas Vista Alegre e Rambla de San Pablo. Segundo o PSOE, os veciños reclaman que se arranxe e acondicione igual que se fai cos xardíns e parques do resto da vila.

O PSOE denuncia retrasos na entrega das actas das xuntas de goberno

O grupo municipal socialista denuncia o retraso sistemático do Concello de Melide na entrega das actas das xuntas de goberno municipal. Segundo explica o PSOE melidense, por norma reciben as actas con máis dun mes de retraso, cando segundo a lexislación vixente, o prazo para que se entreguen é de dez días. Ademais, segundo os socialistas, a cuestión empeora ao ter en conta que a xunta de goberno local acumula boa parte da capacidade executiva do municipio, logo de que se delegara nela boa parte das decisións plenarias.

Ante o que cualifican como vulneración da lei, o PSOE reclámalle ao grupo de goberno local a entrega en tempo das actas.

A sexta edición do encontro contou cun ciclo de charlas

A xornada feminina de Melisanto xuntou 200 mulleres

Socias da cooperativa representaron unha obra teatral

A Sociedade Cooperativa Melisanto celebrou o 28 de outubro a sexta edición da xornada adicada á muller. Arredor de 200 participantes acudiron á sede do colectivo para asistir aos distintos actos organizados, entre outras razóns, para destacar o importante papel da muller no rural. Dende a cooperativa subliñan o papel fundamental que ten a muller no panorama agrario galego. Lembran que en moitas ocasións a muller que colabora na explotación achega un traballonon recoñecido e mesmo na sombra desenvolven funcións de coempresarias para as que non recibiron formación axeitada.

Programa

O núcleo central das xornadas compuxérono unha serie de charlas ás que asistiron as mulleres participantes. As conferencias



O teatro arrancou os aplausos de todos os asistentes

pretenderon abordar cuestións que afectan de cheo ás mullerese agricultoras, tales como a innovación e na comercialización da carne de vacún, ou a investigación e a situación actual da horta en Galicia. Os recursos da administración galega para a igualdade das mulleres labregas e as posibles alternativas para a fixación de poboación no

rural centraron o resto das intervencións.

Como punto e final aos actos en Agüeiros, e previa ao xantar de confraternidade, as participantes na xornada presenciaron unha representación teatral interpretada por socias e mulleres vencelladas a Melisanto na que o núcleo argumental xiraba sobre o asociacionismo.

EN BREVE

O BNG critica o uso partidista de Radio Melide | O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego denuncia o uso partidista da radio municipal por parte do PP. Segundo a vocería do BNG, Socorro Cea, en Radio Melide non hai cabida para os grupos políticos da oposición. Sosteenen que ningún concelleiro nacionalista foi convidado a participar en ningún debate, e que nunca foron entrevistados. Ademais, afirman que ningún dos comunicados de prensa do BNG é lido pola radio. Lembran tamén que segue sen constituírse o consello de emisión e o consello de dirección dende que a emisora comezara no ano 1995. Para Cea esta situación é xa *insultante e vulnera o dereito á liberdade de expresión nun medio público*.

A Deputación destina 12.000 euros ao Servizo de normalización lingüística de Melide | Correspóndese á contía máxima destinada polo organismo provincial, que pretende deste xeito axudar ao fomento e difusión da lingua galega no concello. Melide é un dos 26 municipios coruñeses que se benefician por segundo ano consecutivo das axudas a normalización lingüística.



CENTRAL:
Fernando González nº 4 - 3º Dcha
15004 A CORUÑA
Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



PLANTA LA CORUÑA
Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
15008 A Coruña
Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO
Ctra. Nacional VI, km. 555
Aranga - A Coruña
Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE
Pol. Industrial Modanelo, parc. 30
Melide - A Coruña
Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISIÓN EXTERNA

O desván do Cerne

Véndense cachorros de pastor alemán. Naceron o día 20. Os interesados poden chamar ao: Telf. 680.445.872

Véndese Honda CBR RR900 negra seminov. Prezo a convir. Os interesados chamen ao 647.938.825

Véndense tresillo (sofá de tres prazas e dous de unha) en bo estado. Os interesados poden chamar ao: 606.844.969


Véndense Renault Laguna 2000 inxección. Cor verde metalizada. Bo prezo. Chamar ao: 659.367.860

Véndense sofás de tres e dúas prazas en bo estado, e mesa de televisión de madeira. Os interesados chamen ao: 606.844.969

Véndese clásico Simpa 1.200 LS do ano 1979. Moi bo estado xeral, e con moitos recambios. 1.000 euros. Chamar ao: 686.188.954

O desván do Cerne está aberto ás túas vendas, regalos, e intercambios.
Chama ao 981.506.188.

UN PUNTO DE ENCONTRO NA RUTA MÁIS VIVA DE EUROPA



xacobeo

Representantes de Xoece e de Independentes de Toques viaxan convidados a Francia

Representantes de Independentes de Toques e da Asociación Xoece viaxarán á localidade francesa de Langonnet nunha visita de traballo convidados por institucións e asociacións da localidade gala. O motivo da viaxe é establecer un primeiro contacto coa idea de que os dous concellos se inmanen nun futuro. A vila francesa mantén unhas características moi similares a Toques, cuns importantes recursos naturais aproveitados e dos que se poderían recabar experiencias con vistas a mellorar o concello galego.

Máis actividade

A visita a Langonnet súmase ao traballo que

Xoece veu desenvolvendo nos últimos meses. O pasado xuño a asociación entregou o primeiro premio de debuxo e contos donr@miro, un concurso de pintura que xirou arredor da figura do mestre, e de Ramiro Vázquez Cagide, un mestre que exerceu na parroquia de Paradela hai medio século. Para organizar o concurso, Xoece contou coa colaboración do colexio de Toques e da AMPA O Badal.

Precisamente ao mestre Ramiro adicóuselle tamén un acto o pasado día das Letras Galegas organizado por Xoece, e ao que acudiron os descendentes do mestre, ao que se lles entregou unha praca na súa memoria.

Bande propón que se inclúan no POS o arranxo da Ponte da Pedra e do reemisor

A concelleira do PSOE de Toques Cruz Bande, propuxo ao concello varias actuacións a incluír dentro do Plan de Obras e Servizos da Deputación da Coruña. A edil socialista sostén que hai varias actuacións urxentes a levar a cabo no concello, e que se poden incluír no plan provincial. Segundo Bande, entre estas actuacións urxentes en Toques están a mellora do reemisor da sinal de televisión. A edil socialista afirma que é preciso subsanar as deficiencias existentes en diversos puntos do municipio onde non se recibe de xeito correcto a sinal das canles de televisión. Outra das actuacións que Bande indica como urxente é o arranxo e ensanche da Ponte da Pedra. A

socialista sostén que se trata dunha *obra imprescindible para facilitar a boa comunicación entre as parroquias de San Martiño, Vilamor e Vilouriz con Melide*. Dadas as características da actuación, Bande, no escrito rexistrado no Concello, introduce a necesidade de contar coa colaboración de máis organismos autónomos. Outra das suxestións feitas por Bande para emprender con cargo ao POS é a continuación das obras de saneamento iniciadas na zona de Bragaña. A Deputación da Coruña acordou destinar ao concello de Toques a través do POS un total de 158.899 euros para a posta en marcha de actuacións e obras que superen os 30.000 euros.



Os trinta aerogeneradores instalados no Careón mudaron a paisaxe da serra

Hai seis anos que se instalaram os 30 aerogeneradores

A tecnoloxía danesa coroa a serra do Careón

O parque eólico leva seis anos debuxando un horizonte moderno no eido dun reducto vencellado á Rede Natura

En outubro cumpríronse seis anos do comezo da transformación da serra do Careón. O monte que comparten Toques e Palas deixou de ser un reducto natural a mercede da vexetación e os animais, e co selo da Rede Natura 2000, para converterse nun espazo xerador de enerxía grazas á posta en marcha dun parque eólico. Unha liña de trinta aerogeneradores débuxase dende primeiros de 2001 na serra do Careón. Os últimos avances tecnolóxicos daneses puxéronse ao servizo de Enel Unión Fenosa, Jealsa e Gestenga, empresas que comparten a titularidade do parque inaugurado o 16 de maio do 2001. Os 30 aerogeneradores do parque eólico da serra do Careón seméntanse nunha superficie aproximada de

15 hectáreas. O diámetro do rotor de cada un dos xigantes espallados pola serra de Toques chega aos 43 metros, e pode xerar unha potencia de 600 kw. As aspas dos aerogeneradores que dominan o horizonte de Toques teñen unha produción anual duns 45 xigawattios por hora, o que se traduciría, segundo os datos manexados por Unión Fenosa, en 2.400 horas anuais a plena carga.

Forte investimento

Poñer en marcha un parque eólico como o de Toques precisa un importante investimento. Neste caso foi EUFER (Unión Fenosa Renovables), cun 70% do custe, a principal promotora do parque de enerxía eólica, que precisou un investimento total de 16,7 millóns de euros, máis de

2.778 millóns de pesetas apostados nun monte ata o de entón con pouco uso.

Transformación

A construción do parque eólico mudou radicalmente a fisonomía da serra na que se ubica. Os veciños recoñecen que supuxo un profundo cambio a instalación dos aerogeneradores. Nas aldeas próximas ao parque están plenamente acostumados aos *eólicos*, que xa forman parte da paisaxe. A cota que perciben anualmente pola cesión do terreo non lles soluciona a vida, pero é unha axuda. Sobre todo, tendo en conta que a meirande parte da superficie ocupada carecía de adicación. Aínda así, moitos veciños sosteñen que o contrato foi mal negociado, e que o que perciben é unha cantidade moi pequena.

O PSOE de Santiso cualifica de fraudulenta a compra dun tractor

O Alcalde alega que descoñecía que a Deputación suministraba a maquinaria

A voceira socialista de Santiso, Inés Cagide Val, ofreceu o pasado mes unha rolda de prensa para denunciar públicamente a *venda fraudulenta* do tractor mercado polo Concello de Santiso para levar a cabo labores de desbroce. Segundo explicou a concelleira na súa comparecencia, o concello de Santiso solicitou á Deputación da Coruña, a través do plan PIL, unha subvención para mercar un tractor con desbrozadora. O goberno municipal decidiu cambiar o plan, e solicitar a maquinaria a través do Plan Operativo Local, POL, cambio ao que a Deputación accedeu.

O goberno local dispúxose entón a mercar o tractor coa correspondente maquinaria invertindo 74.930 euros na operación. Cando a compra xa estaba pechada, os responsables municipais percatáronse de que a través do plan POL é a propia Deputación a que pon a maquinaria, neste caso o tractor, polo que optaron por vendelo á empresa na que o mercaran. Na operación de revenda o concello perdeu 26.584,40 euros, segundo



Cagide Val cualificou de ilegal a venda do tractor mercado polo Concello

indicou a voceira socialista, xa que se vendeu en 48.478 euros.

Cagide incidiu en que ademais da perda de cartos das arcas municipais, o concello non respectara a legalidade na operación, xa que debería ter sacado a subasta pública o tractor, trámite que non respectaron. Segundo afirmou Inés Cagide, *ante tal cúmulo de actuacións, é a miña obriga denunciar públicamente os feitos para informar aos veciños do ocorrido. Eu*

négome a ser cómplice de actuacións coma esta, e por iso pido que se investigue o que pasou. A voceira socialista de Santiso indicou ademais que xa puxeran en coñecemento dos feitos ao departamento xurídico do PSOE.

Descoñecemento

Ante as acusacións do PSOE, o alcalde, Ramón Villar, alegou que cando se solicitou o tractor, descoñecían que fora a Deputación a encargada de mercalo, un

argumento que non satisfai ao grupo socialista. Cando tiveron coñecemento, afirma Villar, preguntouse á Deputación se podían quedarse xa co que mercaran, pero informouse que a única opción era anular o concurso de compra, ante o cal Villar optou por vender o que mercara o concello a pesar de perder cartos na transación.

Villar indicou ademais que o pasado 31 de outubro chegou xa o tractor mercado pola Deputación.

Socias de Amurusa e A Maristela van a Fátima e Lisboa

As asociacións de mulleres rurais da zona están a retomar, logo do verán, as súas actividades e viaxes. Os colectivos de Santiso e Sobrado, Amurusa e A Maristela, inician novembro cunha viaxe de dous días a terras portuguesas. A excursión está organizada para os días 4 e 5, e nela estarán acompañadas polo colectivo de Teixeira, co que xa teñen feito viaxes en máis ocasións.

Durante os dous días as socias visitarán Fátima, onde acudirán ao santuario da Virxe, e ás grutas da Moeda. Xa o domingo os tres colectivos achegaranse ata a capital lusa, Lisboa, onde teñen previsto visitar varios puntos turísticos da cidade.

Coa viaxe a Portugal as asociacións de Santiso e Sobrado inician o calendario de excursións. Segundo indicou Berta Sangiao, presidenta de Amurusa, entre outras programadas, o colectivo xa está a organizar unha viaxe que as levará a Francia na ponte de maio.

O encoro de Portodemouros supera xa o 50% da súa capacidade

As choivas que caeron na comarca durante o mes de outubro cambiaron de xeito substancial o deseño da comarca enchendo de novo os cauces dos ríos que atravesan os municipios da bisbarra. Onde se deixou notar a coiva caída foi na auga rexistrada nos encoros. O de Portodemouros supera xa o 50% da súa capacidade segundo os datos rexistrados pola Consellería de Medio Ambiente.

Segundo os datos do departamento autonómico, a 23

de outubro o encoro tiña almacenado un volume de 153,19 hectómetros cúbicos de auga, do total de 297 hectómetros cúbicos de capacidade que ten. Isto supón un porcentaxe de ocupación do 51,58% da súa capacidade total.

Unha semana

As chuvias que se rexistraron durante a terceira semana de outubro incrementaron en 21 hectómetros cúbicos a cantidade de auga embalsada en Portodemouros

a semana anterior. O penúltimo informe de Medio Ambiente datado a 16 de outubro cifraba en 132,26 hectómetros cúbicos a auga almacenada, o que representaba o 44,53% da capacidade do embalse.

A pesar de que a cantidade de auga recollida en Portodemouros se incrementou notablemente, a súa ocupación sitúase por debaixo da media dos encoros da conca Galicia-Costa, que a día 23 chegaba ao 62,23% da súa capacidade.



O encoro supera dende outubro o 50% da súa capacidade

O comercio ofrece un amplo surtido de artigos vencellados á paquetería

Marvi: o mundo da mercería, concentrado nunha pequena tenda

Medias, abalorios, bufandas e outros productos conviven no local que de María Sánchez

Conciliar a vida familiar e a laboral do mellor xeito posible foi o que impulsou a María Sánchez a abrir, hai xa cinco anos, un comercio en Melide, Marvi. O seu gusto polas labores animouna a probar sorte co mundo da mercería, no que asegura que se sente cómoda. A pequena tenda na que se instalou na rúa General Franco está hoxe repleta de artigos vencellados ao mundo da mercería. *A xente sorpréndese de que nun sitio tan pequeniño haxa tantas cousas*, comenta María. Amáis de todo o vencellado coa mercería, Marvi tamén dispón, segundo comenta a súa propietaria, de artigos de paquetería, tanto para nenos como para maiores, un senfín de medias, tanto clásicas



María Sánchez abriu Marvi hai xa seis anos animada polo seu gusto polas labores

como de fantasía, calcetíns, bufandas, e mesmo abalorios, unha das últimas incorporacións da tenda. *Os comerciais de mercería traen tamén abalorios, e comecei a collerllos e funcionan moi ben*, afirma María.

Nos cinco anos que Marvi leva funcionando en Meli-

de, a oferta da tenda mudou notablemente, porque *pouquiño a pouco sempre vas incrementando o que ofertas*, sostén a propietaria da mercería. O paso dos anos fixo que María optase por ofrecer aos seus clientes unha gama máis ampla de artigos, así como máis onde escoller dentro de

cada ramo, porque *a xente quere que lle des a posibilidade de elixir, porque cada un ten uns gustos diferentes*.

Atender unha tenda de mercería require, entre outras cousas, certas doses adivinatorias, *moitas veces chéganche clientes que non saben o que queren e entón*

tes que preguntar qué tipo de ocusa buscan, a forma, e todo, ata saber que é realmente ao que se refíren, confesa divertida a propietaria de Marvi, acostumada xa a ter que adiviñar o que buscan parte dos seus clientes. Claro que tamén hai quen entra pola porta e sabe *exactamete*.

O traballo artesanal segue gustando

O interese de María Sánchez polas labores leva tamén á propietaria de Marvi a facer traballos de labores. *Teño que recoñecer que nunca pensei que se fixeran tantos*, confesa María, que borda a punto de cruz prendas por encarga, dende cenefas en tecidos ata toallas e outras prendas. A industrialización semella, a tenor do que afirma María, que aínda non domina o mundo das labores, posto que *a maior parte da xente recoñece o complicado e laborioso que é facer traballos en punto de cruz*, e

engade que *é algo que require moita paciencia e tempo*.

Á hora de recoñecer o traballo que require unha labor, soen coincidir clientes da comarca con xente de fóra dela. Marvi recibe a xente dos concellos veciños a Melide, entre os que están os da comarca, e outros municipios como Palas de Rei ou Boimorto. Abrir todos os días da semana é unha das problemáticas do comercio en Melide, recoñece María, se ben é consciente de que os domingos, co mercado e a feira, achéga-

se moita xente ata a vila porque é o único pobo no que están os comercios abertos.

No que respecta a tempadas, as mercerías seguen o ritmo dos demais comercios en canto a clientelas, *nos meses de verán hai moitos compradores que están de vacacións, e nótase para ben, igual que ocorre en Nadal, que a xente se anima máis a mercar*. O resto do ano, como sosteñen a meirande parte dos comerciantes melidenses, rexístrase un baixón nas vendas dos establecementos.



Marvi oferta un amplo surtido de artigos

Os botóns tamén se renden ás últimas tendencias

Lonxe do que poidera pensarse, o mundo da mercería tamén sucumbe aos dictados da moda e as tendencias, sobre todo, os botóns. *Igual que ocorre coa roupa, nos botóns tamén hai tempada de verán e de inverno, cambian cada pouco tempo*, aclara María Sánchez.

As cores, as formas e os estampados seguen o ritmo que establecen os deseñadores, se ben é certo que *á hora da verdade aos clientes, con que lles guste e lles vaia ben o botón, pouco miran se é da última tempada*. Lazos, bufandas e roupa interior tampouco resisten os empurróns das últimas modas.

Un total de 46 establecementos adheríronse á iniciativa de Nadal

A campaña *O teu centro comercial está en Melide* repartirá 6.250 euros

O primeiro dos vinte premios que se repartirán será por valor de 1.500 euros

A campaña de Nadal *O teu centro comercial está en Melide* que por segundo ano consecutivo organiza a Asociación de Empresarios Terra de Melide- Centro Comercial Aberto repartirá un total de 6.250 euros entre os clientes do comercio melidense. Serán 46 establecementos de comercio e hostalería que participarán na campaña que repartirá 20 premios. Os establecementos participantes na iniciativa optaron por incluír un número de premios maior có ano pasado para facilitar que máis clientes se beneficien do sorteo, e polo tanto, dos premios.

Premios

Os 6.250 euros que se repartirán distribúense nun primeiro premio de 1.500 euros; un segundo de 1.000 euros, tres de 500 euros, cinco de 250, e 10



Na última xuntanza da campaña decidíronse as contías dos premios a entregar

cheques de 100 euros cada un. Os gañadores do sorteo disporán da cantidade indicada distribuída en cheques de 50 euros que poderán gastar nos 46 establecementos adheridos á campaña.

Inicio da campaña

O un de decembro darase o pistoletazo de saída á campaña *O teu centro comercial*

está en Melide. Prolongarase durante durante todo o mes de decembro e ata pasar Reis. O día 8, data na que está previsto que remate a campaña do comercio celebrarase o sorteo dos 20 premios ante notario. De seguido, exporáanse os números premiados en todos os comercios adheridos á campaña para que os clientes poidan

comprobar se contan con rifas premiadas que canxearán polos correspondentes talóns.

Agradecemento

A campaña de Nadal que se organiza por segundo ano consecutivo dende ASETEM-CCA, busca premiar a fidelidade dos clientes do comercio de Melide.

O comercio de ASETEM-CCA participa na Quincea do Comercio da Federación

O 6 de novembro dará comezo a campaña da Quincena do comercio organizada pola Federación Galega de Comercio. Os establecementos adheridos a ASETEM-CCA terán a posibilidade de participar na iniciativa a través da cal se sortearán catro coches (un por provincia), e 50 premios de 200 euros. Esta campaña pretende potenciar o pequeno comercio, e é a estes establecementos a que- nes vai dirixida.

Os clientes que desexen participar no sorteo dos premios, que se celebrará ante notario o 29 de novembro, deberán enviar un ticket ou unha factura da compra efectuada entre os días 6 e 25 de novembro no comercio tradicional acompañado por todos os datos persoais do cliente.

Esta é a quinta edición da Quincena do comercio, que nesta ocasión entregará a maiores dos coches oss 50 premios de 200 euros.

O V Congreso do comercio Galego xunta a máis de 200 persoas do sector

O Salón Rexio do Circulo das Artes da capital lucense acolleu os pasados días 28 e 29 de outubro o V Congreso do Comercio Galego. O evento organizado pola Federación Galega de Comercio reuniu a uns 200 representantes do sector vidos de toda España, e entre os que se atopaba o presidente de ASETEM-CCA José Antonio Rodríguez Álvarez.

A inauguración oficial correu a cargo do Conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco, que esti-

vo acompañado do presidente da Federación Galega de Comercio, José María Seijas e o alcalde de Lugo, Jose López Orozco. Blanco destacou a importancia que teñen este tipo de eventos para a aportación de novas ideas no sector. Por outra banda anunciou que a consellería está a traballar nunha Lei de comercio interior de Galicia e unha lei de horarios, que xunto os 16 millóns de euros de investimento serán as medidas que o executivo galego tome para incentivarlo

sector.

Pola súa banda, o rexidor lucense López Orozco destacou a importancia que ten o sector do pequeno comercio para a vitalidade e crecemento económico e social das cidades e vilas.

Conferencias

Trala inauguración, chegou o turno das conferencias. Nesta edición os asistentes puideron escoitar a Raul Peralba, Presidente de Positioning System, que explicou estratexias e métodos de mercado que fa-



O congreso estivo presidido polo Conselleiro de Industria

gan competitivos os produtos dos pequenos comerciantes. Fernando Cortiñas, Director Comercial internacional de Telefónica Soluciones, centrouse nas estratexias de márketing;

e por último o xerente do consorcio Casco Vello de Vigo, Alfonso Ramos Covelo, analizou a importancia do pequeno comercio na rehabilitación dos cascos vellos de cidades e vilas.



Catasol inaugurou o novo curso cunha cea de socias

A Asociación de Mulleres Catasol, de Melide, celebrou o pasado 21 de outubro unha cea de inicio de curso. Preto de 200 persoas acudiron ao acto, entre as que se atopaba a delegada de Vicepresidencia da Xunta, Tereixa Novo, a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, e concelleiros do BNG e do PSOE. Novo transmitiulle ás socias do colectivo a súa grata sorpresa ante a intensa actividade de Catasol, e o número de socias que a integran. A responsable provincial de Vicepresidencia transmi-

tiu ao colectivo o apoio da Xunta, ao que se sumou tamén o da Deputación a través da deputada provincial Socorro Cea.

Durante o acto a presidenta do colectivo, Manuela Morán, deu a coñecer as actividades e viaxes que oferta para este curso a asociación Catasol e que se celebrarán ao longo dos vindeiros meses. Durante o acto tamén se fixo fincapé na sección musical de Catasol, O Castelo, que conta cunha escola con máis de 60 alumnos.

Melide celebrou con castañas a chegada do magosto

Melide foi o primeiro concello da comarca en celebrar a chegada do magosto. Fíxoo o último domingo de outubro organizando un encontro popular no que os veciños estiveron convidados a castañas asadas e bebida. A Praza do Convento foi o escenario elixido para ubicar a carpa co posto no que se repartiron os cartuchos de castañas asadas así como os refrescos.

Para amenizar a festa, o grupo de gaitas Axóuxere puxo a nota musical coa interpretación de varias pezas ao longo de toda a tarde.

Veciños de todas as idades achegáronse ata a Praza aproveitando o bo tempo e para dar boa conta dos quilos de castañas que se repartiron, e coa bebida que as acompañou.

Os cativos

Os que máis disfrutaron do día, non pola degustación das castañas, senón polos xogos foron os máis novos. O Concello de Melide organizou unha serie de actividades para que os cativos se entretivesen, e aproveitando o motivo da festa, introduciron elementos propios do magosto nas actividades, tales como

O galardón concédeo Amigos dos Museos de Galicia O Museo de Melide recibiu o premio Pedra do Destino 2006

O colectivo loubou a labor da entidade na defensa do patrimonio

O Museo da Terra de Melide recibiu o pasado 21 de outubro o premio Pedra do Destino 2006 que anualmente concede o colectivo Amigos dos Museos de Galicia. O acto de entrega tivo lugar no museo, e ante a presenza dun bo número de representantes de colectivos da vila, entre os que estaba o presidente de ASETEM-CCA José Antonio Rodríguez, así como a alcaldesa de Melide e as concelliras Socorro Cea, María Jesús Iglesias e Pili Sánchez. Unha representación do colectivo Amigos dos Museos de Galicia, entidade que outorga o premio, desprazouse ata Melide para facer entrega do galar-



Broz foi o encargado de recibir o Pedra do Destino

dón co que recoñecen a labor do Museo da Terra de Melide na defensa, estudo e conservación do patrimonio cultural. O Pedra do Destino, que se entrega dende 1988, está dotado con 3.000 euros e un cuadro que acredita ao Museo como entidade divulgadora e defensora do patrimonio cultural da comarca.

No acto de entrega do galardón, que recolleron o director do Museo, Xosé

Manuel Broz, e o secretario, Benedito Álvarez, Broz adicou o premio aos centos de socios, empresas locais e xente que coa súa colaboración económica fixeron do Museo da Terra de Melide unha realidade. Broz lembrouse ademais do apoio de socios, veciños e amigos á hora de mercar entre todos a actual sede do museo, un feito que o director cualificou como *histórico*.



Maiores e pequenos quixeron degustar as castañas

ourizos. Globos, raquetas e carreiras de sacos que cau-

saron sensación entre os pequenos participantes.

A Semana da Música da Terra de Melide chega á XVII edición

Os días 17, 18, 19, 24, 25 e 26 terá lugar en Melide a Semana da música da Terra de Melide e o festival de corais, organizado pola Coral Polifónica de Melide. As actividades musicais chegan este ano á súa XVII edición. A igrexa parroquial de Melide será o escenario no que se levarán a cabo os concertos a partir das 19:30 horas. As actividades musicais estarán abertas ao público.

A música tradicional ten futuro en Melide

O pasado de Melide está profundamente vencellado á música e aos sons de pegada tradicional. Pero a música e o baile galego tradicional escribíense tamén en clave defu-

turo no concello grazas a dúas escolas que agrupan a arredor de 150 rapaces e mozos que se erguen como garantía de futuro do folclore galego en Melide.

Escola de gaitas e percusión galega Axóuxere



O gusto da vila de Melide pola música tradicional vén de vello, e todo indica, que se dirixe de xeito sólido ao futuro. Os máis novos da comarca teñen na súa man a posibilidade de

adentrarse no universo da tradición e o folclóre galegos da man da Escola de gaitas e percusión galega Axóuxere, que, xunto coa Agrupación Folclórica Castelo, achega os sons

galegos máis tradicionais aos máis novos.

Hai xa catro anos que comezou a funcionar a escola, e agora, con 75 alumnos que disfrutan das clases de xeito totalmente

gratuito, da pasos máis firmes ca nunca.

A primeiros de outubro comezaron as clases en Axóuxere, na que este curso chegan a 60 os alumnos que asisten á clase de pandeireta, mentras que gaita, tamboril e bombo contan con outros 25.

A Asociación Cultural Terra de Melide foi a encargada de dar vida á escola, que é unha sección independente dentro do colectivo. Aínda que Axóuxere, en todos os sentidos, leva implícita a xuventude dos seus integrantes e, mesmo de boa parte dos seus mestres, tamén da nome á agrupación folclórica da que forman parte un grupo de gaiteiros e percusionistas con anos de experiencia ás costas, e que participan en diversas actividades e actuacións. A última delas, o magosto celebrado o últi-

mo domingo de mes en Melide.

Uxía e Xisela Fuciños, Alba Rúa, Irune Fernández e Xosé Domingos Fuciños, alma mater de Axóuxere, son os encargados de ensinar aos alumnos os segredos da pandeireta e da gaita.

Distribuídos en tres grupos marcados en parte pola idade, e en parte pola experiencia, os alumnos acoden os martes a clase de gaita, e os venres a pandeireta e canto, metras que os sábados se reservan para os adultos, máis dunha quincena.

Agora en novembro, coa festividade de Santa Cecilia por diante, Axóuxere prepárase para unha nova actuación na que nenos de ata tres anos demostrarán as súas dotes musicais empurradas pola paixón que lle poñen.

Agrupación folclórica Castelo

No ano 1992, e ao abeiro da Asociación de Mulleres Catasol, naceu en Melide a Agrupación folclórica Castelo. Con arredor de 75 alumnos, o colectivo funciona como escola de baile e música tradicional galega. Ao igual ca Axóuxere, Castelo exerce unha dobre labor, na que promoción do folclore galego e de coñecementos musicais van da man.

En novembro está previsto o inicio das clases, entre as que este ano destacan dúas novidades: o curso de iniciación ao acordeón que imparte Michel Ribadulla, e o de percusións tradicionais (tamboril, bombo, pandeiro, pandeireta e tarrañolas) a cargo de Miguel Anxo Buján. Dúas modalidades novas en Melide que contaron co

respaldo dos alumnos á hora de matricularse. Ademais das materias novas, a escola da Agrupación Folclórica Castelo continúa impartindo pandeireta e canto tradicional, da que se encarga Amparo Buján, gaita, que imparte Miguel Varela, e baile tradicional, con Xabier Espasandín como mestre.

Máis ca actuacións

Os anos que Castelo leva funcionando servíronlle para asentarse no ámbito da escola, e impulsar novas facetas. Amáis das múltiples actuacións que constan no currículo da agrupación, Castelo está a desenvolver un traballo de investigación e recollida de bailes antigos na comarca de Melide, e a impulsar acti-



vidades vencelladas ao folclore. Boa conta disto dano as dúas edicións da Foliada organizada pola agrupación e que van camiño de asentarse como unha cita obrigada no calendario festivo da vila.

Nos proxectos próximos,

amáis das clases e actuacións, a Agrupación Folclórica Castelo ten xa á vista a organización do II Festival infantil de Nadal, no que o protagonismo recae sobre os máis pequenos e que terá lugar o vindeiro mes. Xa en xaneiro, a

agrupación voltará saír ás rúas, desta volta en grupos, para achegar os cantos de reis polos catro concellos da comarca. Este ano pretenden ademais recuperar, tras tres anos de sequía, a Gala do folclore galego, proxectada para xullo.

Naceu D. Xoán Segade Vidal en Melide, en Maio de 1888, fillo de D. Xosé Segade Pérez e Dona M^a Xosefa Vidal.

Estudou medicina en Santiago. No ano 1911 casa en Melide, con Dona Carme Rodríguez Prado, veciña da mesma vila, e filla de D. Xoán Rodríguez Carmuega e de Dona Filomena Prado Somoza.

Tiveron dous fillos, Rafael que faleceu novo, que por certo tocaba moi ben o acordeón diatónico, e Amelia (Chucha).

Foi médico de asistencia pública domiciliaria do primeiro distrito do Concello de Melide, dende o ano 1924, terceira praza de Médico Titular de Melide, creada a proposta dos dous médicos titulares que xa había, D. Benigno Vaamonde Sánchez e D. Xesús Mazaira Montero, sendo Alcalde de Melide daquela, D. César Rodríguez Carril. Ademais de Médico muni-

cipal de Melide foi recaudador de contribucións da zona de Arzúa, durante un tempo.

A nivel político, antes do inicio do Alzamento Nacional, estaba adscrito á Fronte Popular, gañadora das derradeiras eleccións. O inicio da Guerra Incivil en Xullo de 1936, a Falanxe Española das X.O.N.S de

Melide, incoa un expediente de denuncia contra D. Xoán Segade Vidal e outros veciños con cargos públicos, que logo tamén foron represaliados, pola súa

Semblanza do médico melideá

Don Xosé Segade Vidal

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS



colaboración coa República e a Fronte Popular. Compre salientar, que a República era o goberno legal. Os gañadores do Alzamento, utilizaron medidas drásticas, para desarbolar a

tempo. No ano 1945, abre en Melide o Sanatorio Cirúrxico do Carme, na rúa Principal nº 11 (onde estivo o Centro Cire, hoxe cafetería), no que

posible oposición á nova nomenclatura política instalada pola forza.

A raíz deste expediente é destituído de Médico Titular no ano 1937.

O iniciarse o Alzamento

, D. Xoán estivo agochado, primeiro no Convento dos Frades Pasionistas de Melide, e logo en Vimianzo (A Coruña), para voltar a Melide, ao cabo dun

exercía: medicina xeral, cirurxías

menores, partos, etc., dispoñendo xa de Raios X.

Faleceu en Melide ós 59 anos no 1947. A súa viúva Dona Carme e súa filla Amelia (Chucha), viviron unha vida moi dura, en parte polo que lle acontecera a D. Xoán e por outras desgracias familiares por mor das enfermidades. Dona Carme faleceu no ano 1959, e Chucha no 1976 en Betanzos. Deste xeito tan triste, desaparece unha familia boa e de prestixio na miña modesta opinión. Aínda que nos guste ou non, a historia non se pode silenciar.

Documentación.-Arquivo

Irmáns Fuciños Gómez (Casas Bastián e Pita) -

-Xulgado de Paz de Melide-Rexistro Civil-

-Testemuñas orais recollidas polo autor, e novas da prensa da época.

O humor de onte



A propaganda.

Arquivo dos irmáns Fuciños-Gómez (Casa de Pita)

In memoriam Ánxel González Blanco

Lito o Xastre

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS

O pasado sete de outubro de 2006 faleceu o noso benquerido veciño *Lito O Xastre*, ademais de moi bo xastre, foi un home sinxelo e afable, que moito ten traballado na organización das festas en Melide, sobre todo nas do Carme e nas do San Roque. Cómpre destacar que era unha

persoa moi detallista e, sobre todo, esixente na organización das festas.



Tamén é un recuperador xunto con Manolo Lourenzo, Ramiro Roca, etc, da

antiga Confraría da Nosa Señora do Carme, como o podemos ver na Capela do Carme no Castelo.

Xa no ano 1976, colaboraron co Pai Zurzo, a comisión do San Roque-76 e Froito Novo no primeiro Día Infantil, adicado ós rapaces da comarca de Melide con aquel eslogan

de: *Vivan os rapaces da comarca, que empregaramos.*

Recuperación de antigas escolas para albergues de peregrinos

S.A. XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

O proxecto de recuperar os antigos edificios das vellas escolas unitarias baleiras e en desuso comezou no ano 1993 coa recuperación das escolas de Hospital da Condesa, Pedrafita do Cebreiro, Calvor, Barbadelo, Ferreiros, Gonzar, Ventas de Narón, Ligonde e MatoCasanova. Actualmente seguen todas en uso, se ben nalgúnhas delas realizáronse traballos de actualización como supresión de barreiras arquitectónicas, construción de porche no acceso ou resituación de espazos, etc. despois de máis de dez anos de uso continuado.

No ano 1998 actuouse na escola de A Gudiña, na Vía da Prata, e no 2004 incorporouse unha nova escola en Ligonde, Monterroso.

O Camiño de Santiago é transitado por miles de persoas de diferentes nacionalidades, clases sociais, e

algunhas delas con discapacidade. Este é un dos condicionantes máis importantes para as reformas propostas pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo para os albergues dos Camiños de Santiago, a accesibilidade para as persoas discapacitadas, isto é, a supresión de barreiras arquitectónicas.

Este é o caso de albergues coma o de Gonzar, en Portomarín. Tamén as antigas escolas unitarias están a ser rehabilitadas, dende hai tempo, para ser utilizadas como albergues de peregrinos. Tal é o caso de escolas como a de Gontán, en Abadín.

O Xacobeo e o Concello de Abadín asinaron recentemente en Lugo un convenio para a cesión e rehabilitación da antiga escola de Gontán para o seu uso

como albergue. A antiga escola unitaria de Gontán será cedida polo Concello de Abadín á S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, que asumirá o acondicionamento, rehabilitación e dotación do inmovible para destinalo a albergar aos camiñantes a Santiago. Esta actuación enmárcase no proxecto de revitalización do Camiño do Norte e a inclusión do albergue de Gontán na rede de albergues traerá consigo a promoción e publicidade do mesmo.

A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo asumirá a rehabilitación, acondicionamento e dotación do inmovible, que será destinado a albergue dos camiñantes e poderá ser utilizado para algunha acti-

vidade relacionada co Xacobeo. A antiga escola de Gontán constaba de dúas plantas. Na planta baixa había unha escola e a alta utilizábase como vivenda do mestre.

Características da obra

O proxecto do Xacobeo consiste en darlle ao inmovible dous volumes máis, de modo que na planta baixa se constrúan uns accesos e un soportal e se sitúe a recepción. Na planta alta construírse un segundo volume que acollerá un acceso, un baño e unha terraza. O albergue contará tamén con aseo e dormitorio para minusválidos, cociña, comedor, sala multiuso, lavadouro e tendal. Deste xeito a planta baixa pasará a ocupar 127 metros cadrados de superficie,

mentres que a alta medirá 141 metros cadrados, unha vez rematadas as obras de acondicionamento e rehabilitación. O Concello de Abadín tamén poderá realizar actividades culturais no albergue, sempre que non interfiran coa actividade principal de atención aos peregrinos.

Promoción e publicidade

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo incluírá o inmovible na súa rede de albergues e será obxecto da correspondente publicidade e promoción con vistas á revitalización do Camiño Norte. Entre os obxectivos da sociedade están o de construír áreas de descanso nos puntos de interese paisaxístico e monumental, o establecemento dunha rede de albergues e a promoción de aloxamentos relacionados co Camiño de Santiago.

Santiso, paraíso soñado

VANESSA MARTÍNEZ

Di a canción "Vivir na Coruña que bonito é". Vivir en Santiso tamén é bonito. É bonito e á vez curioso, no sentido de que este concello podería ser sen problema a mostra científica na que se dese o caso da existencia de todo tipo de personaxes.

Se un extraterrestre aterrase en Santiso tería que afacerse a un ritmo moi distinto ao das cidades; distinto xa ao de Melide. En Santiso o tempo mídese polo sol, non polo reloxo. Os veciños atópanse cando botan as vacas pola mañá e paran a botar un conto, ou dous, ou dez, ou corenta...

Tería que afacerse ao cheiro, delicioso e inconfundible, da herba seca acabada de segar, que aniña na memoria dun ano para outro, e preguntárase como é posible que teñamos unha clase política que leva máis de 30 anos quentando

asento; deixando caer que a paga, como vén tamén pode marchar; vendendo favores que

non son tal e seguindo ao pé da letra a política de Pista-Poste).

Seguramente o noso amigo extraterrestre se asombraría dos poucos cativos que ten o concello. Non é de estrañar, se temos en conta que cando se xuntan algúns posibles, o primeiro que fai a mocidade é buscar un piso en Melide. Oh...! Melide! O vello soño ame-



ricano parece que se enxendrou aquí!

Xa non quedan escolas unitarias, acabouse o ruído das risas no recreo en calquera parroquia do concello. Agora toca, coma en todo, centralizar. Claro que non é o mesmo ser da Ponte ca de Visantón. É coma Melide e Arzúa: oficialmente veciños pero inimigos e rivais

ata nas competicións máis absurdas. A Cornella ou a piscina; o 14 de setembro ou o San Agustín, o Santiso F.S. ou o Lareira.

non se pode estar cos dous! Hai que posicionarse! Dous colexios, dous centros médicos, dous equipos de fútbol, dous puntos neuráxicos de actividade comercial separados pola fronteira natural do Beseña. Mais, a cada lado medran os rancores, (que foi daqueles tempos das carreiras en Visantón!), as competencias...

Vivir en Santiso, que bonito é! Ir os domingos á misa e atopar aos mesmos vellos, aos mesmos curas de hai vinte anos que forman parte da nosa historia, e aos mesmos rapazotes que van obrigados polas nais a durmir no último banco.

O noso extraterrestre visitante levaría unha imaxe dun sitio no que os mozos traballan para os pais. Vería que é posible chamarlle pista polideportiva a unha superficie cementada coma a que campa na entrada de Belmil. Sabería que non é imprescindible estudar medicina para traballar nun centro médico, e que é posible ir cada catro anos nunha lista electoral distinta e levar garabata con honor e coa cabeza guicha. Pero, malia todo, posiblemente, o extraterrestre quedase a vivir con nós. Mágoa que teña que decidir a que lado do Beseña...

Teléfonos de
interese

Autobuses

Actos

URXENCIAS	Polideportivo
UrxenciasSanitarias.....061	981507752
Bombeiros.....080	Centro Social da 3ª Idade
Incencios Forestais.....085	981505706
Policía Municipal	Parada de Taxis
Urxencias.....092	981505390
Melide.....981505003	Albergue Xuvenil
Policía Nacional.....091	981507412
Garda Civil	Albergue do Peregrino
Urxencias.....062	660396822
Melide.....981505007	Centro Ocupacional
S.O.S	981505003
S.O.S Galicia.....112	A.S.E.T.E.M
Protec.Civil.....670498848	981506188
	Fundación Terra de Melide
TRANSPORTES	981507244
Renfe	I.E.S. de Melide
Nacional.....902240202	981505162
A Coruña	C.E.I.P nº1.....981505238
Santiago	C.E.I.P nº2.....981505929
Autobuses	Gardería.....981505003
A Coruña.....981239099	U.A.F. de Melide
Santiago.....981542416	981 507742
Melide.....981505204	
Aeroportos	SANTISO
A Coruña.....981187200	
Santiago.....981547500	Casa do Concello
Vigo.....986268200	981818501
	Centro de Saúde
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS	Agrochao.....981517803
Atención ao cidadán	Visantoña.....981510749
981120012	Xulgado de Paz
	981 818501
Valedor do pobo	
981571900	SOBRADO
Economía facenda	
981545151	Casa do Concello
Industria e Comercio	981787508
981544341	Desenvolvemento local
	981787508
Sevizo Galego Colocación	Centro de Saúde
981125000	981787744
Teléfono da Muller	Mosteiro de Sobrado
900400273	981787509
Teléfono do Menor	Xulgado de Paz
900444222	981787508
Dirección Xeral de Tráfico	
900125505	TOQUES
Correos.....902197197	
Auga.....981242322	Casa do Concello
Electricidade.....981147200	981505826
Gas.....900760760	Centro de Saúde
	981507301
MELIDE	Xulgado de Paz
	981505826
Casa do Concello	
981505003	
Centro de Saúde	
981506176	
Servizos Sociais	
981505012	
Consevatorio	
981507100	

MELIDE - A CORUÑA	Domingos e festivos:
De luns a venres:	7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20
9.30, 13.15, 17.00, 20.45,	Parada fronte á Pizzería Xoldra
Sábados:	
9.30, 13.15, 17.00, 20.45	
Domingos e Festivos:	MELIDE - LUGO
9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30	De luns a venres:
Parada fronte á Cafetería Marta	7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos)
A CORUÑA - MELIDE	Sábados:
De luns a Venres:	7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	Domingos e festivos:
Sábado:	7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	Parada fronte ao antigo bar Capitol.
Domingos e Festivos:	
8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00	
MELIDE - FERROL	
De luns a venres:	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila)
Non hai liña	Luns a venres laborables:
Sábados:	Saída de Fondevila: 10.20
19.15	Saída de Melide: 12.30
Domingos e Festivos: 19.15	Domingos excepto último de mes:
Parada fronte á Cafetería Marta	Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00
FERROL - MELIDE	Saída de Melide: 13.00
De luns a venres:	Último domingo de mes:
Non hai liña	Saída de Fondevila: 7.45
Sábados:	Saída de Melide: 13.00 e 14.00
10.30	
Domingos e festivos:	
17.00	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela)
MELIDE - OURENSE	Martes e venres laborables:
De luns a venres:	Saída de Folladela: 8.30
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Melide: 12.30
Sábados:	Domingos excepto último de mes:
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Folladela: 8.40
Domingos e festivos:	Saída de Melide 13.00
9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20,00	Último domingo de mes:
Parada fronte á Cafetería Marta	Saída de Folladela: 8.30
OURENSE - MELIDE	Saída de Melide: 13.00 e 14.00
De luns a venres:	
8.00, 12.00, 15.30, 19.15	
Sábados:	
8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19,15	
Domingos e Festivos:	
9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00	
MELIDE - SANTIAGO	
De luns a venres:	
6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40 (per. lectivo), 15.25, 17.50, 20.20	
Sábados:	
7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50	

NOVIEMBRE
Mércores 1: celebración do magosto da terceira idade ás 18.30 horas no centro social da vila.
Xoves 2: comezo dos cursos de ballet, movemento e baile moderno no edificio multiusos e pavillón de deportes de Melide durante as tardes.
Venres 3: contacontos da igualdade na biblioteca pública para nenos e nenas de terceiro e cuarto de primaria.
Concerto de The Prostitutes no Pub Gatos.
Celebración do magosto cos rapaces do centro ocupacional da vila ó longo de toda a mañá.
Luns 6: ábrese o prazo de inscrición da XIII liga local de fútbol sala.
Venres 10: concerto de Robin de los Estercoleros no Pub Gatos.
Venres 17: concerto de Sugar Mountain no Pub Gatos.
Iníciase a Semana da Música da Terra de Melide, que se prolongará a semana seguinte.
Do 20 ao 15 de decembro: recollida de xoguetes no centro social da vila.
Venres 24: concerto de Alén no Pub Gatos.
Sábado 25: programa especial en Radio Melide sobre o día da non violencia de xénero.

JESÚS REY, DE ELECTROTEL 2000

O que pretendemos é ofrecer aos clientes o máximo de servizos

O último en tecnoloxía é a ferramenta de traballo de todos os días para Jesús Rey e os seus colaboradores. A empresa, fundada

hai quince anos opera en tres provincias e ofrece garantía de servizo e de ter o último do mercado.

Hai xa 15 anos Jesús Rey fundou Electrotel 2000, unha empresa melidense que evoluciona ao ritmo que marca o sector no que traballa: o tecnolóxico.

-Cando fundou a empresa a telefonía móbil aínda non era tal, non?

-Empecei instalando teléfonos móbiles que daquelas aínda eran fixos, porque se instalaban nos coches. Despois desta etapa xa xurdiu GSM, e fomos avanzando con distintas compañías ata comezar a traballar con Airtel, que máis tarde se converteu en Vodafone, coa que traballamos agora.

-Pero a telefonía móbil é só unha parte da empresa.

-Temos suministros e equipamentos de oficina, dende un ordenador ata un fax ou centralitas móbiles e fixas. Levamos tamén alarmas de seguridade, explotación de telefonía pública que estamos a substituír por puntos de internet que ubicamos en hostalería; instalacións en vehículos de mans libres, alarmas, localización de vehículos e persoas, e sonido.

-É un abano amplo de servizos. Ampliáronse a medida que xurdía a necesidade?

-Dende o principio traballamos en telefonía fixa e móbil e en mecanización de oficinas. Dende o ano 2000 foi cando abarcamos todo o demáis, dende internet e liñas wi-fi a softwares específicos para cada sector. Fómonos especializando.

-Foi a raíz da demanda dos clientes?

-Non. Nós vemos un oco no cliente, e nós o que pretendemos é ofrecerlle o máximo de servizos posible. Hai unhas necesidades nun



Jesús Rey fundou Electrotel 2000 hai xa quince anos

cliente, e nós ofrecémoslle máis produtos. É o que buscamos porque deste xeito fidelizámolo máis, e estamos ampliando os nosos servizos.

-O sector muda tanto como semella?

-O noso é un sector moi dinámico. É imprescindible

No noso sector é imprescindible a formación continua e a reciclaxe, porque senón, morres

formación continua e reciclaxe, porque senón morres. En tecnoloxía as cousas cambian moi rápido. Quizáis incluso evolucionan máis rápido en telefonía móbil ca en informática, porque en cuestión de quince anos pasouse de teléfonos analóxicos a tecnoloxía con máis capacidade e aplicacións.

-A xente realmente coñece esas aplicacións?

-Hai xente que sí. Hai quen quere un teléfono simplemente funcional, e quen

esixe prestacións. Hai clientes de todo, pero o perfil de xente nova move máis o teléfono tecnolóxico.

-Qué tipo de clientes ten Electrotel 2000?

-O noso cliente principal son empresas, pero non deixamos de lado aos particu-

lares.

-Cal é a chave para convencer e fidelizar aos clientes?

-Servizo puro e duro. Hai que dar o mellor servizo posible. A nós chámannos par unha avería, e pretendemos solucionala antes de catro horas ben sexa arreglando o equipo, ou substituíndoo por outro, porque esa é outra das nosas garantías.

-En qué zona opera a empresa?

-Abarcamos tres provin-

cias: Coruña, Lugo e Pontevedra. Ourense tocámola menos. Quizáis é tamén porque tentamos concentrar os clientes. Na zona de Santiago temos moitos clientes, e iso foi o que fixo que hai cuestión de dous anos e medio abríramos alí unha tenda. Trátase dunha tenda situada na rúa de San Roque que ten en exclusiva Vodafone. Pertencemos a Todo Digital, unha cadena nacional, e a través dela satisfacemos os clientes da zona de Santiago, Padrón e Barbanza.

-Melide que supón para Electrotel 2000?

-Empezamos traballando aquí, aínda que estabamos en máis sitios porque eu traballaba de autónomo. Obviamente nós hoxe en día non vivimos só co mercado da comarca de Melide, porque sería imposible, pero para nós é unha zona importante. Agora, para o futuro, o que queremos é seguir medrando.

Traballamos en distintos sectores da tecnoloxía, e en todos con primeiras marcas

Entre as premisas coas que traballa Electrotel 2000 están a de ofrecerlle aos clientes un produto e un servizo de calidade. Para iso traballan a diario 11 persoas directas que realizan labores comerciais, de instalación e de reparación. Para ofrecer dende o primeiro momento garantías, a empresa melidense rodéase de primeiras marcas. *Traballamos en distintos sectores da tecnoloxía, e en todos con primeiras marcas*, afirma Rey.

A telefonía móbil, un dos primeiros ámbitos da empresa levámola con Vodafone, un dos primeiros operadores, comenta Rey. A telefonía fixa instalada por Electrotel 2000 ten o selo de British Telecom, e en seguridade e vixilancia a empresa coa que opera Electrotel é líder no sector, amáis de contar cun acordo de comercialización con Securitas.

Máis servizos

No que se refire a localización de frota *traballamos con Locatel*, comenta o máximo responsable de Electrotel 2000. A empresa funciona tamén como distribuidora de Panasonic e OKI en equipos de oficina. *Ade máis, distribuimos as principais marcas de informática que operan no mercado*. Para elo, Electrotel 2000 pertence a unha central de compras de informática. *Somos ademáis distribuidor e instalador de equipos OKI e de centralitas Panasonic en exclusiva*, relata Jesús Rey.

Os plans de futuro da empresa pasan por seguir medrando e abranguendo novos mercados, tal e como fixeron ata agora.

Editorial	P2	Cultura e lecer	P14
Opinión	P3	Colaboracións	P16
Melide	P4	Axenda	P18
Comarcas	P10	A entrevista do mes	P19
Empresa e comercio	P12		

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.).
Nº21. 1 de novembro -1 de decembro de 2006. Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com

O teu centro comercial está en Melide

Confecciones Álvarez
Mobles Ares
Electrotel
Decoraciones Anmi
Joyería Silvela
Net Informática
Muebles Paula-Traspome
Casa das Luces
Kandela
Óptica Abal
Centro Comercial Ares
Joyería Oro Ley
Floristería Tarrío
Muxica
Perfumería Lyss

Silvia Novias
O Refaixo
Frutas Gallego e Hijos
Ivory
Pulpería Alongos II
Hogar del Mueble
Perruquería Manuel
Imprenta Meligraf
Melligas
Decoraciones Sito
Tintorería Iris
Panadería Tahona
Supermercados Gómez
Mercería Marvi
Hotel Carlos 96
A Garnacha

Recambios Ángel
Sun-Si
Fisio Vida
Neumáticos Seijas
Pescados Abel
Calzados Romero
Carnicería Carlos
Imprenta Ayude
Librería Vitorio
Modas Manuel
Calzados Broz
Calzados Conde
Joyería Roval
Ribeirao S.L.
Laya Zapateiros

Campaña organizada por ASETEM-CCA



CANTERAS DEL ARENAL CANTERAS DE RICHINOL



ARIDOS Y EXCAVACIONES



[C/ Arenal, Nº 64 . Entreplanta Izquierda - LALÍN]
[Teléfono: 986 78 71 02 Fax: 986 78 74 12]
[E-mail: arenal@canterasare.com]

